



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A ASOCIACIÓN DE CC.RR. VITIVINÍCOLAS GALLEGOS Y DE LAS II.GG. AGUARDIENTES Y LICORES TRADICIONALES DE GALICIA (ACRUAGA), EN MATERIA DE PROMOCIÓN, FORMACIÓN E ASESORAMENTO DOS VIÑOS DE GALICIA DURANTE O PERÍODO 2023-2025

REUNIDOS

Dunha parte, Covadonga Toca Carús en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica, en adiante **Igape**, co NIF Q6550010J e domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades do 13 de setembro de 2023 da presidenta do Igape feita pública mediante Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG nº 184, do 27 de setembro de 2023).

E doutra, Antonio Lombardía Crespo, en nome e representación da Asociación de CC.RR. Vitivinícolas Gallegos y de las II.GG. Aguardientes y Licores Tradicionales de Galicia, en adiante **Acruga**, co NIF G02760466 e con domicilio social na Rúa Castela, nº 10 Baixo, CP 32600 Verín (Ourense), na súa calidade de presidente, en virtude de nomeamento da Asamblea Xeral Extraordinaria de data 4 de decembro de 2023.

Todas as partes recoñécense mutuamente con capacidade xurídica abondo para formalizar este acordo e manifestan ter vixentes os seus poderes e ter capacidade suficiente para obrigar ás súas representadas en virtude do presente convenio, e para tal efecto

EXPOÑEN

I. Que o Igape, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía, Industria e Innovación polo Decreto 79/2023, de 22 de xuño. Configúrase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego baseado nun tecido empresarial moderno, internacionalizado e competitivo. Entre as súas funcións está a de proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras. O Igape, consecuente cos seus obxectivos e fins, entende que a internacionalización achega ás empresas galegas, e ao tecido produtivo en xeral, a posibilidade de acadar maiores economías de escala, de mellorar a calidade, comercialización e diferenciación dos seus produtos e servizos, de entrar en contacto con outro tipo de mercados, consumidores e competidores, de mellorar o know-how dos traballadores e directivos, o que estimula e incrementa a súa produtividade, eficiencia, desenvolvemento tecnolóxico e capacidade competitiva.

Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025, que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, na calidade e no impacto efectivo das exportacións da empresa galega. Aumento do número de empresas da base exportadora, procura e apertura de novos mercados, apoio na ampliación de cota de mercados con menor presenza e maior



potencial de crecemento futuro, e, consolidación de cota nos mercados maduros. En definitiva, esta estratexia persegue unha fase de consolidación dos distintos esforzos e accións emprendidas ao longo dos últimos anos para estimular, fortalecer, expandir e consolidar a internacionalización das pemes galegas e os seus produtos e servizos.

En concreto, este convenio encaixa nos obxectivos do Eixe 3. *Acompañamento e dotación de medios. Obxectivo: Maior presenza internacional; diversificación de mercados, pero sobre todo, zonas xeográficas* da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025.

II. Que no período 2019-2022 se levaron a cabo satisfactoriamente actuacións de promoción conxunta co apoio do convenio subscrito (con data 20 decembro de 2019) entre o Igape e os Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e Indicación Xeográfica Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, convenio que propiciou a creación de Acruaga.

III. Que Acruaga ten por obxecto servir o funcionamento e materialización do proxecto de promoción internacional dos viños e augardentes galegos amparados por denominación de orixe.

IV. Que Acruaga agrupa os Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe de Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e o Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais.

V. Que os Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e Indicación Xeográfica Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia son corporacións de dereito público con atribucións decisorias en cantas funcións se lles encomenden nos seus Regulamentos e nas disposicións aplicables do Capítulo II do Título III da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega. Os Consellos teñen por obxecto, entre outros, a defensa, promoción e difusión da Denominación de Orixe, así como o fomento, control, promoción e difusión da calidade dos viños, augardentes e licores empregados.

VI. Que, co obxecto de optimizar recursos e actividades promocionais en apoio ás empresas e bodegas das distintas DO de viño e augardentes e licores tradicionais de Galicia, destacando as súas vantaxes competitivas e diferenciais nos mercados, o Igape e Acruaga, representando os distintos Consellos Reguladores das Denominación de Orixe, colaborarán en cantas actuacións, propostas e accións de promoción, publicidade e presenza nos mercados sexan necesarias para o seu desenvolvemento e promoción.

VII. Que, en aras a dar a coñecer a potencialidade dos nosos viños é pretensión e obxectivo deste convenio, presentar a Galicia como zona de referencia na viticultura española e europea pola histórica tradición na produción de viños de referencia e as especificidades das súas diferentes DO, no que a condicións agro climáticas e estruturais de produción se refire.



VIII. En consecuencia, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é organizar con Acruaga e, polo tanto, cos Consellos reguladores das D.O. Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e a D.O. das IIXX Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia un plan conxunto de internacionalización dos viños e augardentes de Galicia. O obxectivo é continuar fortalecendo e intensificando a presenza nos mercados internacionais dos viños e Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia co obxectivo de incrementar a súa cota de exportación, a través do desenvolvemento de accións de promoción, formación e asesoramento dos viños de Galicia (Plan Conxunto de Internacionalización dos Viños e Augardentes de Galicia), labor iniciada co Convenio de 2019 anteriormente citado e á que se lle pretende dar continuidade.

Segunda. Xustificación da utilización da figura do convenio

Motívase a utilización da figura do convenio, de acordo co indicado no expositivo deste convenio, polo nivel de representatividade que Acruaga e, polo tanto, as D.O. teñen no empresariado do sector vitivinícola e de augardentes e licores de Galicia, pola súa implantación xeográfica, pola capacidade e experiencia dos seus equipos directivos e persoal técnico e na procura da eficiencia na aplicación dos recursos.

Por outra banda, mediante este convenio o Igape non encomenda unha xestión de servizos a Acruaga, senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir un fin común como é o de promover máis negocio para as empresas do sector vitivinícola e de augardentes e licores de Galicia. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

É esta idea de colaboración na consecución do fin común de desenvolvemento de negocio a que fundamenta a subscrición deste instrumento.

Terceira. Obrigas das partes

I. Compromisos e obrigas do Igape.

- a) Para a realización das actuacións obxecto deste convenio o Igape contribuirá cun máximo de 225.000 € con cargo á partida orzamentaria 05A1741A 6400 nos anos 2023, 2024 e 2025.

2023	2024	2025	TOTAL
25.000 €	100.000 €	100.000 €	225.000 €



Acruga carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terá que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

- b) Participará na Comisión de Seguimento.
- c) Difundirá as accións do Plan a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunas.
- d) Colaborará con Acruga no desenvolvemento do proxecto e informará das xestións que realice en base ao mesmo e consensuará con elas previamente as decisións importantes que afecten ao desenvolvemento do proxecto.

II. Compromisos e obrigas de Acruga.

- a) Contribuirá cun máximo de 56.250€, que cofinanciará coa asignación de custo de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento) tanto da propia asociación como dos Consellos Reguladores aos que representa. Segundo a seguinte distribución anual.

	2023	2024	2025	TOTAL
ACRUAGA	6.250	25.000	25.000	56.250

- b) Responsabilizarase da organización, coordinación e desenvolvemento das actividades necesarias para a execución de todas as accións previstas ben cos seus propios medios e persoal como os dos Consellos reguladores aos que representa, ou contratando os servizos e subministros necesarios para levar a cabo tal fin.
- c) Someterá á aprobación do Igape calquera cuestión relevante antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
- d) Será responsable da captación de asistentes e da difusión das actividades, incluíndo en tódalas comunicacións o logotipo do Igape asociado ao da Xunta de Galicia.
- e) Non repercutirá a terceiros importe superior á súa achega ao convenio.
- f) Coordinará e realizará as accións de difusión, comunicación e publicitarias, incluíndo en todas elas o logotipo do Igape asociado ao da Xunta de Galicia.

En caso de obtención doutros patrocinios concorrentes, públicos ou privados, para a organización das actividades, reducirase a achega de ambas as dúas entidades na mesma proporción que as súas achegas, ou ben ampliarase o alcance das actividades.

Cuarta. Actuacións conxuntas e gastos atendibles

A definición das actuacións concretas do Plan de Internacionalización conxunto será establecida por anualidades, podendo modificarse o tipo de actuacións en función da demanda dos mercados e estratexias de internacionalización a adoptar, manténdose a limitación máxima do orzamento da anualidade correspondente. Esta definición realizarase ao comezo de cada anualidade a proposta de Acruga ante a Comisión de Seguimento, que deberá dar aprobación expresa ao calendario proposto. Así mesmo, se as circunstancias do mercado o aconsellan o calendario de actuacións aprobado poderá modificarse en Comisión de Seguimento a petición de calquera das partes.



Non obstante, móstranse, a título orientativo, os seguintes exemplos de actividades necesarias para o desenvolvemento do Plan e xeradoras do tipo de gastos atendibles do convenio:

- Coordinación e xestión do plan de internacionalización conxunta.
- Programas formativos.
- Participación en feiras, misións comerciais directas ou inversas e outros eventos promocionais,

Considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, os referentes ás actuacións anteriores, atendidos por Acruga ou polos Consellos Reguladores asociados e relativos aos seguintes conceptos:

- a) Desprazamentos, aloxamentos e manutención de participantes nas actividades, sexan de Acruga e/ou dos Consellos Reguladores, cando proceda.
- b) Alugueiros de espazos e medios.
- c) Gastos de publicidade e difusión.
- d) Gastos de formación.
- e) Custos de persoal de Acruga e dos Consellos Reguladores, en base a nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF, e certificado de dedicación ao proxecto.
- f) Consultaría ou asistencia técnica especializada en mercados internacionais obxectivo das misións.
- g) Gastos de secretaría técnica.
- h) Outros gastos externos que respondan indubidablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que deberán autorizarse pola Comisión de Seguimento.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

Os gastos deberán ser facturados e pagados por Acruga, coa excepción dos custos de persoal dos Consellos Reguladores que poderán ser emitidos e pagados por estes.

Os gastos deberán ser realizados, facturados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 31 de outubro de 2025. O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para Acruga.

Será obrigatorio presentar tres orzamentos para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

Os gastos nos que se incorra serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e reducirían o importe total a achegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio.



Todos os gastos externos xustificandos deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificandos, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

Quinta. Xustificación e pagamento

As achegas do Igape realizaranse a medida que se vaian xustificando os gastos realizados por Acruaga sobre os custos apoiados, mediante certificacións trimestrais. As ditas certificacións presentaranse durante os 10 días seguintes á finalización do trimestre natural, agás as do cuarto trimestre da anualidade 2023 que deberá presentarse antes do día 15 de decembro, a do cuarto trimestre da anualidade 2024, que deberá presentarse antes do 15 de novembro do exercicio correspondente e a do cuarto trimestre de 2025, que deberá presentarse antes do 15 de novembro de 2025 como data límite.

A xustificación presentase vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <http://tramita.igape.es>, en particular, a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación. Acruaga responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Cada xustificación deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- a) Informe/memoria xustificativa asinado e selado polo seu representante legal do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das accións levadas a cabo, dossier fotográfico e resultados obtidos.
- b) Certificación dos gastos (segundo o modelo do Anexo II).
- c) Xustificación dos gastos e do seu pagamento:
 - Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación do Anexo II. As facturas en moeda estranxeira deben presentarse cos documentos bancarios de cargo no que conste o cambio empregado pola entidade financeira ou se non é posible, aplicarse o cambio oficial do euro do Banco Central Europeo publicado na web do Banco de España na data de pagamento da factura.
 - Nóminas pagadas e certificado de dedicación emitido polas D.O. ou por Acruaga segundo corresponda, onde se deixe constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto. Os certificados de dedicación deberán explicitar as dedicacións horarias, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada.
 - Documentos probatorios do gasto en Seguridade Social do período que se alega: documento/s de relación nominal de traballadores (RNT) e documento/s e recibo de cotización de liquidacións (RLC) de cada traballador que dedica parte ou todo o seu tempo a realizar actuacións para Acruaga.



- Documento probatorio dos importes retidos aos traballadores en concepto de retencións de IRPF do período que se alega: modelo/s 111.

Deberán de presentarse todos os documentos indicados así como a documentación acreditativa do pagamento a provedores terceiros dos gastos incorporados no anexo II mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Os xustificantes das retencións do IRPF e das cotizacións á Seguridade Social dos derradeiros períodos cuxo prazo regulamentado de ingreso sexa posterior á finalización do correspondente período de xustificación do convenio, deberán presentarse durante o primeiro mes do ano seguinte.

d) Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula novena do convenio, Acruga autoriza a realización desta petición.

e) Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, que se inclúe no anexo II.

f) Declaración responsable de que a documentación que se presenta en copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, que lle poderán ser requiridos polo Igape, incluída no anexo II. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado para o cal se lle poderá requirir e exhibición do documento orixinal.

g) De ser o caso, as tres ofertas de diferentes provedores ás que se refire a cláusula cuarta.

h) En caso de estar exenta do IVE, documentación acreditativa da exención.

i) Certificación sobre a existencia ou non doutro tipo de patrocinio, público ou privado, para a organización das actuacións obxecto do convenio.

j) Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O Igape unha vez recibida a documentación estipulada nesta cláusula e comprobado que se cumpriu co estipulado nas accións descritas no presente convenio, procederá ao pagamento da achega estipulada.

En todo caso, o Igape, resérvase o dereito de solicitar a documentación adicional que considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio,



para verificar a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento e das actividades realizadas.

Procederá a minoración do financiamento concedido cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas non alcancen os importes dos gastos establecidos, ou ben o financiamento adicional obtido, de ser o caso, sumado á contribución do Igape exceda os custos certificados, e sempre e cando esta minoración non supoña unha realización deficiente do obxecto do convenio.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros.

Acruga deberá manter a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

Sexta. Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha Comisión de Seguimento da execución do convenio de composición paritaria, formada por un máximo de 2 representantes de Acruga e de 2 representantes do Igape, que se reunirá a petición de calquera das partes, e que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima. Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución. Deberá ser proposta pola Comisión de Seguimento e formalizárase a través da subscripción da correspondente addenda. En ningún caso, poderá supoñer un incremento do orzamento previsto.



Oitava. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigas que asumen as partes no mesmo e, en todo caso, ata o 30 de decembro de 2025, sen prexuízo de que os gastos atendibles deberán estar realizados no período comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 31 de outubro de 2025, data na que deberán estar realizadas todas as actuacións programadas ao abeiro do convenio.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

Novena. Autorizacións

Acruga e as D.O. consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.



Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

Décima. *Publicidade*

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía, Industria e Innovación, publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Acruga deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

Décimo primeira. *Protección de datos de carácter persoal*

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de Acruga, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir información ningunha acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao remate da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a Acruga, incluíndo calquera soporte ou documento.



O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupara a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a Acruaga do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera xeito na execución deste convenio.

Décimo segunda. Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

Décimo terceira. Natureza e réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. De acordo co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista neste. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Décimo cuarta. Normativa aplicable

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

En proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan o presente convenio o 7 de decembro de 2023.

Polo **Igape**

Covadonga Toca Carús

Por **Acruaga**

Antonio Lombardía Crespo



ANEXO I: CUADRO DE ACTUACIONES

O obxecto da colaboración deste convenio é o desenvolvemento dun Plan de Internacionalización conxunto cos viños galegos.

Polo que a financiación debe ir orientada a dar cobertura as actuacións necesarias de desenvolvemento de este Plan.

Defínense como necesarias a seguintes actuacións:

- **Coordinación e xestión do Plan de Internacionalización.** Comprenderá todas aquelas accións e actividades de análise, deseño de estratexia, estudo de mercados, e secretaría técnica, así como a coordinación entre todas as DO implicadas.
- **Programas formativos.** Serán programas dirixidos aos directivos e persoal das bodegas de viños galegas tendentes a proporcionar a formación necesaria para favorecer o desenvolvemento internacional das mesmas, así terán cabida todos aqueles cursos que Acruaga organice en favor das bodegas de temáticas de xestión, dirección, homologación de calidades ou outras con orientación ao desenvolvemento dunha estratexia de internacionalización.
- **Participación en feiras e outros eventos promocionais** que se consideren de interese para a promoción internacional dos viños galegos, incluíndo demostracións de produto, catas, eventos de prensa etc. **Misións inversas ou directas** de compradores, clientes ou prescriptores internacionais, facilitando o coñecemento in situ das bodegas e os viños galegos a os axentes obxectivo dos mercados estranxeiros.

A definición das actuacións concretas do Plan de Internacionalización conxunto; selección de feiras ou eventos aos que acudir, elección de cursos a organizar etc., será establecida por anualidades, podendo modificarse o tipo de actuacións en función da demanda dos mercados e estratexias de internacionalización a adoptar, manténdose a limitación máxima do orzamento da anualidade correspondente. Esta definición realizarase a comezo de cada anualidade a proposta de Acruaga ante a Comisión de Seguimento que deberá dar aprobación expresa ao calendario proposto. Así mesmo, se as circunstancias do mercado o aconsellan o calendario de actuacións aprobado poderá modificarse en Comisión de seguimento a petición de calquera das partes.

O reparto do orzamento distribúese do seguinte xeito, podendo ser aceptadas variacións nas contías previstas nas distintas partidas sempre que se compensen uns conceptos con outros:



Actuacións	Tipoloxía gasto	2023	2024	2025	TOTAL
Coordinación e xestión do Plan de Internacionalización	SERVIZOS	4.840,00 €	14.520,00 €	14.520,00 €	33.880,00 €
Programas Formativos	SERVIZOS	26.410,00 €	21.918,00 €	10.489,00 €	58.817,00 €
	PERSOAL		5.480,00 €	2.623,00 €	8.103,00 €
Participación en feiras e outros eventos promocionais	SERVIZOS		66.468,00 €	77.899,00 €	144.367,00 €
	PERSOAL		16.614,00 €	19.469,00 €	36.083,00 €
TOTAL		31.250,00 €	125.000,00 €	125.000,00 €	281.250,00 €

As achegas de Acruaga e Igape atenderán ao seguinte reparto por anualidades:

	2023	2024	2025	TOTAL
IGAPE	25.000	100.000	100.000	225.000
ACRUAGA	6.250	25.000	25.000	56.250
TOTAL	31.250	125.000	125.000	281.250

ANEXO II. CERTIFICACIÓN DO GASTO

Convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Asociación de C.C.R.R. Vitivinícolas Gallegos y de las I.I.G.G. Aguardientes y licores Tradicionales de Galicia (Acruga), en materia de promoción, formación e asesoramento dos viños de Galicia durante o período 2023-2025

XUSTIFICACIÓN DO GASTO								XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO					
Clasificación do gasto atendible	Concepto de gasto	Nº de factura	Data	Proveedor	Importe sen IVE	IVE	Importe imputado ao convenio	Documento de Pago: transferencia, cheque, etc.	Data	Conta de Cargo	Entidade Financeira	Importe Pagado	Entidade pagadora
			TOTAL XUSTIFICADO								TOTAL PAGADO		

Nota: agrupar os gastos por grupos de gasto atendible tal e como figuran no convenio.



D/Dª _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación de Abruaga

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu e asumiu gastos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os gastos pagados ou facturados reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:

- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.
- Que a seguinte conta bancaria, da cal é titular Abruaga é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape para a acción conxunta e integral de Abruaga e, polo tanto, dos Consellos reguladores das D.O. Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e a DO. Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia un plan conxunto de internacionalización dos Viños e Augardentes de Galicia para o período 2023-2025.

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

ACRUAGA
Asociación de CC.RR. Vitivinícolas Gallegos y de las
I.I.G.G. Aguardientes y Licores Tradicionales de Galicia

SOLICITA:

Que lle sexa aboada a Abruaga o importe de _____ euros (*80% do importe anterior*), ingresándose conta bancaria anteriormente designada.

_____, ----- de ----- de -----
(Sinatura do/a representante)